



CONVOCATORIA DE SESIÓN DO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL

A Secretaría do Concello emitiu a relación de procedementos concluídos que se poñen á disposición da Alcaldía para convocar aos órganos colexiados (artigo 81.1.2) do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e artigo 3.2 a) do Real decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da administración local con habilitación de carácter nacional).

É o alcalde quen ten a competencia para convocar e formar a orde do día das sesións da Xunta de Goberno (artigos 78, 79 e 80 do Real decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais).

Os asuntos que teñan que someterse á decisión do Pleno ou da Xunta de Goberno Local, cando esta actúe con competencias delegadas polo pleno, teñen que ser previamente ditaminadas pola comisión informativa correspondente salvo cando teñan que adoptarse acordos declarados urxentes (artigo 123 do Real Decreto 2568/1086, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais)

En uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **PROCEDO:**

PRIMEIRO

Convocar unha Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación Municipal para o

Día: martes 14 de xuño de 2022

Hora: 20:00

Lugar: SALÓN PLENOS CONCELLO DE CEE

Motivación: Adxudicación do servizo de recollida e transporte de RSU e aprobación de modificados de obras para súa remisión ente financiador.

coa seguinte **ORDE DO DÍA:**

1. Proposta da alcaldía relativa á adxudicación do contrato do Servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos no Concello de Cee a SERVICIOS DOS CONCELLOS GALEGOS SLU. Expediente nº 2021/C004/000006.
2. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO DE AMPLIACIÓN DA CASA DE CULTURA DE BRÉNS, con NRE 202199900001863 de 24 de novembro de 2021. PLAN: POS+1/ 2019 ADICIONAL. EXPEDIENTE N.º: 2019/C003/000006
3. Proposta da alcaldía relativa a Aprobación do PROXECTO MODIFICADO Nº 3 DE: POSTA EN MARCHA DAS DEPURADORAS DE ESTORDE E AMEIXENDA" CEE (A CORUÑA) con NRE 202299900000439 de 23 de marzo de 2022. EXPEDIENTE N.º: 2021/C003/000016.

SEGUNDO

Se informa, aos efectos oportunos, que de conformidade co artigo 16.3 do ROF: *Os membros da Corporación teñen o deber de gardar reserva en relación coas informacións que se lles faciliten para facer posible o desenvolvemento da súa función, singularmente das que han de servir de antecedente para decisións que aínda se atopen pendentes de adopción, así como para evitar a reprodución da documentación que poida serlles facilitada, en orixinal ou copia, para o seu estudo.*

TERCEIRO

Notificarlles esta resolución aos membros do órgano colexiado, poñendo á súa disposición os



Concello de Cee

Rúa Domingo Antonio de Andrade, s/nº
15270 CEE (A Coruña)
CIF: P1502300E
Teléfono: 981 745 100
Fax: 981 746 757
correo@cee.gal
www.cee.gal

Exp. 2022/G010/000007

antecedentes dos asuntos na Secretaría do concello, de luns a venres durante o horario da xornada laboral.

CUARTO

Que por parte da Secretaría deste concello se poña a disposición dos sres. e sras. concelleiras a documentación dos asuntos incluídos na orde do día, acompañando á convocatoria copia das actas das sesións anteriores que se sometan a votación, de ser o caso.

Asinado dixitalmente ao marxe.

A alcaldesa, Margarita Lamela Louzán.